



# CONCELLO DE CASTROVERDE

## INFORMACIÓN

### CAMPAMENTO DE VERÁN 2026

PRAZO DE INSCRICIÓN: DENDE O 1/05/26 ATA O 15/05/26

#### ✚ Obxectivos:

Ocupar o tempo libre a través de aprendizaxes deportivas, educativas e recreativas, favorecer as relacións sociais e persoais, etc...

#### ✚ Instalacións onde se levarán a cabo as actividades:

- No Pavillón Polideportivo “A Ferrería”
- Área Recreativa Veiga do Olmo
- Piscinas Municipais
- Outros lugares....

#### ✚ Duración:

Dende o día 1 de xullo ata o 31 de agosto.

#### ✚ Horario:

De luns a venres dende as 8:00 a 14:00 horas (excepto festivos)

De 8:00 a 10:30 h será a entrada dos nenos no pavillón polideportivo municipal, o horario de saída será de 13:30 a 14:00 horas do mesmo sitio (a non ser que os monitores indiquen outro lugar distinto).

#### ✚ Inscricións:

As inscricións realizaranse a través dun modelo de solicitude que estará dispoñible tanto nas oficinas municipais como na web do concello e poderán presentarse dende o día 1 ata o 15 de maio de maneira presencial nas oficinas do Concello de Castroverde en horario de 8:30 a 14:30 horas ou ben de forma telemática a través da sede electrónica do concello. As solicitudes que se presenten fora do prazo establecido serán rexeitadas. Deberán aportar tamén unha foto do neno/a no momento de rexistrar a solicitude. **UNHA VEZ PRESENTADA A SOLICITUDE XA NON SE ADMITIRÁ A MODIFICACIÓN DA MESMA EN RELACIÓN Á ELECCIÓN DAS QUINCENAS SOLICITADAS.** **Admitiranse como máximo 50 nenos/as por quincena . A admisión realizarase por orde de entrada de solicitudes no rexistro do Concello tendo prioridade os/as nenos/as empadroados no concello de Castroverde.**

Unha vez que finalice o prazo de inscrición o Concello poñerase en contacto coas familias dos nenos/as inscritos/as para indicarlles se foron aceptados ou non no campamento.

No caso de que foran aceptados requiriráselles que realicen o pago correspondente dentro do período de tempo que se lles indicará achegando posteriormente o xustificante de pago ás oficinas municipais.

 **Prezos:**

O custo por cada neno/a será de **120 €/mes**. Os nenos/as que leven empadroados no municipio de Castroverde como mínimo 3 meses antes do inicio do prazo de inscrición terán unha subvención do concello do **50 %** polo que neste caso a inscrición por cada neno custaría **60 €/mes**.

Pagarase a metade do que corresponda se só se inscribe durante unha quincena.

As quincenas nas que se poderán inscribir son as seguintes:

XULLO		AGOSTO	
1ª QUINCENA	Do 1 ó 15	1ª QUINCENA	Do 3 ó 14
2ª QUINCENA	Do 16 ó 31	2ª QUINCENA	Do 17 ó 31

No caso de familias numerosas os custos serán os seguintes:

- Polo primeiro fillo/a pagaríase o 50% do custo da actividade
- Polo segundo fillo/a pagaríase o 25 % do custo da actividade
- Polo terceiro fillo en diante sería gratuíta a actividade

**(Para poder aplicar a bonificación de familia numerosa deberase aportar fotocopia do libro de familia ou calquera outro documento que así o acredite)**

**IMPORTANTE: O pago da actividade realizarase unha vez que se comunique se foi aceptado ou non no campamento no seguinte número de conta: ES46-2080-0112-7031-1000-0042.**

**O ingreso farase individualmente por cada neno/a. Á hora de realizar o ingreso deberase especificar no concepto o seguinte: CAMPAMENTO e nome e apelidos do neno/a.**

**Unha vez feito o ingreso no número de conta do concello xa non se poderá solicitar a súa devolución (excepto por causas de forza maior e debidamente xustificado)**

**SERÁ OBRIGATORIO ENTREGAR O XUSTIFICANTE DE PAGO NAS OFICINAS DO CONCELLO DENTRO DO PRAZO QUE SE VOS INDIQUE UNHA VEZ VOS COMUNIQUEMOS A ADMISIÓN NO MESMO.**

 **NOTA:**

Todos os días cada neno/a deberá traer a súa mochila co bocadillo e bebida para media mañá como tamén roupa de baño, gorra e crema solar. Tamén traerá sempre posta a/s prenda/s que lle/s será entregada polos monitores do campamento.



**VIVE O VERÁN EN CASTROVERDE!**